

Venres, 26 de xaneiro de 2024

Núm. 19

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Recadación

*PREZOS PÚBLICOS CENTROS MUNICIPAIS MES DECEMBRO 2023**Expediente núm.: 477/2021**(Decembro 2023)***ANUNCIO**

Exposición pública do padrón do prezos públicos pola prestación do servizo de Escola infantil, Residencia de maiores, Axuda no Fogar Dependencia e Axuda no Fogar Municipal, Escola de Musica, Conservatorio Municipal e Ludoteca para o período: DECEMBRO 2023 por un importe total de 34.802,40 euros.

Mediante Resolución de Alcaldía Nº 2024-0057 de data 16/01/2024 aprobouse o padrón pola prestación do Servizo de Escola infantil, Residencia de maiores, Servizo axuda no Fogar Dependencia, Servizo axuda no Fogar Municipal, Escola Musica, Conservatorio Municipal e Ludoteca para o período: DECEMBRO 2023 por un importe total de 34.802,40 euros.

O padrón expónse ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello. Durante este prazo, o expediente estará a disposición dos interesados na oficina de Recadación Municipal.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón os interesados poderán interpor recurso de reposición ante a Alcaldía, segundo o artigo 14.2 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta.

O prazo de cobro en período voluntario será de dous meses desde o fin do prazo de exposición pública. A carga dos recibos domiciliados producirase o primeiro día do período voluntario de ingreso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

